



OS VIRUS, ¿UNHA EXCEPCIÓN?

Nesta unidade acabas de estudar que, segundo a teoría celular, todos os seres vivos están formados por células. Ademais, incluso os organismos unicelulares máis diminutos e sinxelos levan a cabo as funcións vitais (nutrición, relación e reprodución). Sen embargo, formulouse unha posible excepción a esta teoría cando se descubriron os virus.

Pero, ¿que son os virus? En primeiro lugar, hai que dicir que son seres tan pequenos (unhas cen veces menos que unha bacteria), que só se conseguiron ver cando, no século XX, se inventou o microscopio electrónico.

Os estudos posteriores revelaron que os virus son partículas cunha estrutura moito máis sinxela que a das células. Son tan simples, que forzosamente necesitan introducirse nas células dos organismos vivos, xa que, fóra delas, non realizan ningunha das funcións vitais. Sen embargo, dentro das células, os virus son capaces de producir copias de si mesmos, é dicir, de reproducirse. Así, os virus infectan as células para poder desenvolver a súa actividade. As características dos virus fixeron que os científicos os sitúen na fronteira entre os organismos vivos e a materia inerte.

Sen embargo, a importancia que teñen os virus para o ser humano non está relacionada coa súa clasificación como seres vivos ou inertes. O máis preocupante destes seres é que, cando infectan as células das plantas ou dos animais, causan enfermidades que ás veces poden ser mortais. Por exemplo, no ser humano, os virus son responsables dos arrefriados, dalgunhas diarreas, da hepatite, da gripe ou da SIDA, entre outras moitas.



Comenta os textos

- **Comprende o vocabulario**

Que é unha excepción? Por que se pregunta no título se os virus o son?

- **Reflexiona sobre algunhas ideas**

Por que cres que os virus deben infectar as células dos seres vivos?

- **Expón as túas opinións na clase**

Hai científicos que pensan que os virus non son seres vivos. Por que cres que din iso? Ti que opinas: son seres vivos ou non son seres vivos?